

“Participar nun club de lectura serve para adquirir competencias lingüísticas”

Quixemos concernir ao alumnado participante nos clubs, de ademais de que notasen o enriquecemento persoal e individual, que vai implícito a tantas horas de entrenamiento lector, comprensivo, expresivo, argumentativo, expositivo, dinámico, coordinado... fosen conscientes da importancia de ampliar este abano socialmente, e empezando polo tipo de lecturas propostas, que logo falaremos delas, pedíuselle a súa implicación nas variadas propostas que o centro fose promovendo. Verase nos documentos gráficos a variación e a presenza de alumnado que son membros dos clubs.

A nosa intención foi alentar esta dobre vía: persoal e cidadá, e logo avaliala, coa nosa observación e coa proposta, a eles, dun cuestionario, relacionado con ítems competenciais, a nivel individual e social.

Interesounos, dende sempre, non soio a satisfacción do alumnado participante, senón, poder chegar a conclusións favorables, de cómo eran sentidos, polo resto do alumnado, do IES.

Tal como veremos, os dous camiños, quedaron en boa posición.

En relación as fotos:

Relacionadas coa proposta individual.

- 1. Biblioteca. Club lectura 1º/2º ESO.
- 2. Día da paz. Interdisciplinar: música, linguas, plástica, normalización lingüística...
- 3. 23/25 abril. Semán do libro: Intercambio de leite por libros.
- 4. Ídem.

Relaciónadas coa proposta social.

- 5. Enredando versos. Poio.
- 6. Apadriñamento lector. CEIP Antonio Palacios.
- 7. Ídem.
- 8. Amadriñamento lector. CPI Ribeira.
- 9. Enredando versos. Sanxenxo. Obradoiro.
- 10. Ídem. Remate xornada.
- 11. Centro maiores de Torneiros.

Guión Mesa de experiencias/31-05-13

1. Os nosos clubs de lectura.

- Antigüidade. (2007/08)
- Compoñentes (alumnado/profesorado). 5 profes. Club lectura 1º 2º de ESO [A]: 16 rapazas/11 rapaces [nacidos 1999/2000]; Club lectura 3º Eso e Bacharelato [B]: 10 rapazas/2 rapaces [nacidos: 1993/1995-1998]. Total: 39 participantes (2/3 rapazas; 1/3 rapaces).
- Horario. Martes mediodía; Algún recreo; periodicidade: cada tres semáns.
- Diagrama dos plans das lecturas:A]: Ler/suxerir/debatir/concluir/propor; [B]: Ler/suxerir/visionar película-documental/debatir/concluir/propor.
- Lecturas realizadas neste ano escolar. Enriquecemento individual e ampliar a dimensión social e na medida do posible a interdisciplinabilidade.
 - *Kafka y la muñeca viajera*. Jordi Sierra i Fabra. Valores: a imaxinación, a felicidade, a solidariedade, a ilusión, a creación, a esperanza.
 - *O curioso incidente do can a medianoite*. Mark Haddon. Temática: O autismo e a síndrome de Asperger. Valores: a amizade, a familia, a autoconfianza, a responsabilidade... Trátanse os dereitos dos animais. Interdisciplinabilidade.
 - *Los girasoles ciegos*. Alberto Méndez. Valores: a integridade, a dignidade persoal, a solidariedade, o amor, a amizade, a liberdade... Trátase o dereito internacional humanitario. Interdisciplinabilidade.
 - *Exogamia 0.3*. Ramón Caride Ogando. Visión crítica e escrutadora sobre a actualidade. Temática social. O valor e a ética na ciencia. Libro sobre a concienciación. Trátanse os dereitos humanos. A euxeñese. Interdisciplinabilidade.
 - *Donde aprenden a volar las gaviotas*. Ana Alcolea. Preocupación pola ecoloxía e o medioambiente. A amizade, a identificación persoal, a busca de obxectivos, a sinceridade, a interculturalidade, a importancia do amor e o sexo na vida, o valor da memoria... Verase a denuncia da violación dos dereitos humanos. Interdisciplinabilidade.
 - *La ratonera*. Agatha Christie. Libro puro divertimento. Sen pretensións. Acorde a época do curso na que están, con presións e traballos en estrés. A ambigüidade humana. Todos podemos ser vítimas ou culpables. Caso de habitación pechada. Métodos deductivos. Literatura en vena, para momentos de menor introspección. Mérito de ser a obra con máis representacións continuadas.

2. Análise da enquisa.

([Ligazón aos resultados](#))

- Mostra. N: 39
- Características da mostra. A partires dos 69 ítems posibles das seis competencias básicas sinaladas no guión. Peneiráronse 25, e finalmente quedaron reducidas a 10 ítems. Ademais de pulsar a súa opinión, quixemos estudar se había diferencias entre idades e en sexo.
- Ítems. Finalmente foron 10. Todas as preguntas dos ítems foron encabezadas co epígrafe: “A participación no club de lectura...”. Cada ítem podía ser respostado do seguinte xeito: 0/nada; 1/pouco; 2/bastante; 3/moito.
- Valoración dos resultados. Todos os ítems estiveron entre os intervalos 67% (que corresponde a 26 enquisados) e 93% (36 enquisados) de respostas bastante ou moito. Non hai diferencias significativas en sexos nin entre idades. Dos 10 ítems, soio 1 ten a resposta de 4 participantes na enquisa, con 0/nada (corresponde o relacionado co tratamento da inforamción e competencia dixital); 4 ítems, teñen a unha persoa dicindo, en cada un deles, 0/nada.

1. A nivel individual. As fotos 1, 2, 3 e 4.

a. Comunicación lingüística.

- O club de lectura permitiume ampliar as miñas cualidades expresivas. 84%. 33/39 (2-3). 0/1

b. Aprender a aprender.

- ...Fíxome darlle máis importancia ao papel do esforzo á miña formación. 87%. 34. 0
- ...Ensinoume a manter unha actitude reflexiva e lóxica antes de extraer conclusións precipitadamente. 79%. 31.0

c. Tratamento da información e competencia dixital.

- ...Potenciou a miña capacidade de valorar os recursos da rede. 69%. 27.0/4.

d. Autonomía e iniciativa persoal.

- ...Acrecentou a miña capacidade para traballar en equipo. 80%. 31.0/1



Foto1



Foto 2



Foto 3



**Intercambio de
leite por libros
23-25 de abril
Na entrada do instituto**

Foto 4

Guión Mesa de experiencias/31-05-13

2. A nivel social e de centro. As fotos 5 á 11.

a. Competencia social e cidadá.

- ...Ensinoume a aceptar as críticas e a formulalas con espírito constructivo. 84%. 33. 0/1.
- ...Amosoume o valor do diálogo para a resolución dos conflitos. 93%. 36. 0.
- ...Potenciou a miña capacidade para porme no lugar dos demais. 80%.31. 0.

b. Competencia cultural e artística.

- ...Fixome máis tolerante e aberto coas outras culturas. 90%. 35. 0.
- ...Acostumoume a actuar sen prexuízos. 67%. 26. 0/1.



Foto 5



Foto 6



Foto 7



Foto 8



Foto 9



Foto 10



Foto 11

3. Conclusións.

Podemos concluir que observamos:

- No plano individual: unha mellora individual na expresión, no esforzo, na aptitude e actitude, no emprego e familiarización de novas ferramentas e nas dinámicas grupais.
- No plano social: esa mellora obsérvase en que os axuda a ser persoas pensantes, constructivas, dialogantes, empáticas, tolerantes e despexuizadas.
- Como colofón a todo o dito, tendo previsto un roteiro literario por Celanova, podemos dicir, que os clubs de lectura impregnan de cultura o centro, normalizan e agariman a lectura e achegan, cada vez máis, aos distintos sectores da Comunidade Educativa.

O Porriño, a , 31 de Maio de 2013.

Julio C. Abalde García. IES Ribeira do Louro.